



Apartado de correos, nº 38  
36630 CAMBADOS (Pontevedra)  
E-mail: secretaria@culturamaritima.org  
E-mail: fgcmf@culturamaritima.org  
Teléfonos: 986 524 845 e 633.136.161

## **A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial manifesta o seu apoio aos xeiteiros**

### **A FGCMF, diante da proposta para a prohibición da pesca con redes de deriva feita polo Parlamento e o Consello europeos, fai un chamamento público para preservar a arte do xeito polo seu valor cultural e respectuoso co medio ambiente.**

A irrupción a finais dos anos oitenta de redes de deriva por parte de frota industriais para a pesca de túnidos e peixe espada en augas europeas, foi observada por moitos pescadores, administracións e organizacións non gobernamentais como unha ameaza tanto para a sustentabilidade das pescarías tradicionais como para o propio medio mariño, polas capturas accidentais doutras especies mariñas como aves e mamíferos. A presión exercida en especial pola ONU para restrinxir o uso destas artes, algunhas con lonxitudes superiores aos 10.000 m, levou tanto á Comisión como ao Parlamento Europeo a tomar a drástica resolución de prohibilas.

É entendíbel a consideración de rede nociva destas novas artes de deriva, aparellos cun grande impacto no ecosistema e mesmo incompatíbeis co uso doutras técnicas de pesca. Porén, facer extensiva esta prohibición aos aparellos de deriva tradicionais usados por frota artesanais como o xeito, parece excesivo. A prohibición do xeito suporá a perda do medio de vida para máis de mil familias en toda a costa galega, e no caso dalgúns portos este impacto é aínda maior por ser o seu uso moi importante no total da flota. Desde hai máis de 600 anos o xeito vense empregando na pesca nas rías de Galicia. O seu uso está documentado desde principios do século XV na ría de Muros e Noia. Dado este uso continuado e as características do aparello do xeito, é imposible que supoña unha ameaza para unha pesca sostible.

Non é coñecido para nós ningún estudo científico que demostre que o xeito ten un impacto sobre o ecosistema superior a outros aparellos como por exemplo miños, betas ou trasmallos. Nos documentos de estudo que serviron para que o Parlamento e o Consello elaborasen a súa proposta non hai mención algunha á pesca do xeito, nin sequera á pesca en Galicia. Só esta falla de información completa pode explicar unha proposta que ilegalice a pesca do xeito.

O xeito é unha arte de pesca artesanal, tanto no seu tamaño como na forma de usalo non é comparable coas grandes redes de deriva. É unha arte selectiva, e tamén é unha peza importante na sustentabilidade social da pesca nos pequenos portos galegos.

Se non hai razóns científicas para a prohibición do xeito, si que hai importantes razóns culturais, ademais das económicas e sociais, para a súa conservación. O xeito é un importante elemento da identidade mariñeira galega. Desde a lancha xeiteira, ata moitas cancións que se poden oír en calquera porto galego, o xeito conformou un legado cultural significativo.

Os xeiteiros levan 600 anos loitando pola súa supervivencia. Primeiro contra a chegada dos grandes cercos no século XVI, contra a chegada da xávega e os fomentadores no XVIII, nos finais do XIX e principios do XX coas traineiras e logo coa tarrafa. Pese a todo, o xeito chegou aos nosos días. É responsabilidade de todos nós que poida seguir existindo.

Desde a FGCMF pedimos a todos os partidos políticos con representación no Parlamento Europeo, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España, que fagan o necesario para que a pesca do xeito siga sendo legal, e por extensión que se protexa a pesca artesanal, como medio de alcanzar unha sustentabilidade ecolóxica e social.